

A ÁREA SANITARIA DE FERROL REALIZARÁ MAÑÁ SÁBADO A PILOTAXE DE VACINACIÓN COVID MASIVA A 1.300 PERSOAS DE ENTRE 50 E 55 ANOS

- **Será no recinto de FIMO, na estrada da Malata, e as portas deste local estarán abertas de 9:00 a 14:30 e de 15:30 a 21:00**
- **Esta pilotaxe, aproveitando a chegada de ó redor de 20.000 vacinas de Astra Zéneca a Galicia, realizarase ás persoas comezando pola letra H, e inicialmente este sábado será ata a letra L**
- **As persoas son convocadas para a súa primeira dose de vacinación a través dun SMS, cun enlace para xerar un código identificativo QR, co que se presentarán en FIMO**
- **Serán sete puntos de vacinación con 12 profesionais de Enfermería, 1 facultativo, 2 celadores e 1 Persoal de Servizos Xerais (PSX) por quenda de mañá e tarde**
- **Agradecer a colaboración do Concello de Ferrol, Protección Civil e Policía Local na preparación deste acto preventivo xunto con máis de medio centenar de traballadores da Área Sanitaria que están a traballar para facelo posible**

Ferrol (ASF), venres 12 de marzo de 2021.- A Área Sanitaria de Ferrol realizará mañá sábado 13 de marzo a pilotaxe da vacinación Covid masiva, comezando con un total de 1.300 persoas de entre 50 e 55 anos. Será no recinto de FIMO, na estrada da Malata, e as portas deste local feiral e de mostras estarán abertas de 9:00 a 14:30 e de 15:30 a 21:00. Esta pilotaxe, aproveitando a chegada de ó redor de 20.000 vacinas de Astra Zéneca a Galicia, realizarase ás persoas comezando pola letra H, e inicialmente este sábado será ata a letra L.

As persoas son convocadas para a súa primeira dose de vacinación a través dun SMS, cun enlace para xerar un código identificativo QR, co que se presentarán en FIMO. Estarán preparados un total de sete puntos de vacinación, con 12 profesionais de Enfermería, 1 facultativo, 2 celadores e 1 Persoal de Servizos Xerais (PSX) por quenda de mañá e tarde traballando para facelo posible xunto con máis de medio centenar de profesionais entre celadores, persoal de administración, e dos departamentos de Mantemento, Informática ou Servizos Xerais, entre outros.

A Área Sanitaria de Ferrol quere agradecer a colaboración de tódolos profesionais do Concello de Ferrol, da Policía Local, de Protección Civil e da Área Sanitaria neste evento. Na Área Sanitaria de Ferrol, administráronse ata a actualidade un total de 21.757 vacinas.

SAÚDOS,
COMUNICACIÓN ÁREA SANITARIA DE FERROL.